

Festival Sinsal

SON Estrella Galicia

#Sinsal2022

22/23/24-07-22
Illa de San Simón

22
20

festival.sinsal

ORGANIZADA POR

SINSALAUDIO

SON
ESTRELLA GALICIA

CON PATROCINIO DE

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

X FUNDACIÓN

XUNTA
DE GALICIA

Xacobeo
2022

FESTIVAL
GALICIA

AC/E

AGENCIA

TEMPUS

COLABORA

Chef
Maestro

PLATU

VEGETALIA

GADIS

LEMA

LEMA

Máis de 25 bandas e artistas chegadas de Europa, América e Asia forman parte do cartel secreto da nova edición de Sinsal SON Estrella Galicia, que comeza este venres 22

O evento, que se celebrará na illa de San Simón os días 22, 23 e 24 de xullo, destaca pola ampla presenza de artistas femininas e pola diversidade estilística musical: jazz, cumbia, electrónica, world music, clásica, flamenco ou pop soarán durante o festival

O público asistente poderá gozar de actividades paralelas durante a súa estancia na illa: pedal surf, paseos guiados, obradoiros familiares de reciclaxe, exposicións ou charlas son algunhas das propostas que se poden coñecer en <http://festival.sinsal/>

21 de xullo de 2022.- O festival Sinsal SON Estrella Galicia inicia mañá venres, 22 de xullo, unha nova andaina. A illa de San Simón acollerá a vixésima edición dun dos encontros sonoros máis coidados e singulares do panorama musical estatal e que destaca por **manter en secreto o seu cartel ata que o público desembarca na illa redondelá**. As entradas de día e os abonos levan semanas esgotados.

Sinsal SON Estrella Galicia 2022 contará coa illa de San Simón como prato forte dun cartel secreto conformado por **máis de 25 bandas e artistas chegadas de distintos puntos da Península Ibérica, Europa, América do Sur e do Norte ou Asia** que actuarán nos escenarios Buxos Xacobeo 21-22 e San Simón SON Estrella Galicia. Sobre as súas táboas darase unha **ampla diversidade estilística**, que abrangue desde a **world music até a electrónica, pasando polo jazz, o flamenco, a música clásica, o pop ou a cumbia**.

Moitas destas bandas, chegadas de territorios como **Altos do Golán, Corea ou Brasil** actuarán por vez primeira en España no marco do Sinsal. Outras moitas, procedentes de **Colombia, Francia, República Dominicana, Estados Unidos ou Inglaterra**, mais tamén de cidades como **Madrid**, terán en San Simón a súa primeira cita co público galego. Porén, as e os artistas emerxentes de

Galicia, como é habitual no festival -e unha das premisas das que parte a súa programación-, tamén contarán cunha importante representación nos dous escenarios da illa: un total **nove bandas galegas** forman parte do cartel secreto de Sinsal SON Estrella Galicia 2022.

A todas elas sumarase, ademais, unha **actuación sorpresa para as viaxeiras dun dos barcos**, que contarán cun concerto extra durante a súa viaxe cara á illa. Esta actuación será dunha das artistas galegas emerxentes que forman parte do programa provincial **‘Descúbreas’ da Deputación de Pontevedra**. Precisamente o **liderado feminino** segue a ser, como todos estes últimos anos, un dos sinais de identidade de Sinsal SON Estrella Galicia. Nesta ocasión, o público poderá gozar da música de artistas solistas e bandas femininas que destacan especialmente no seu ámbito.

Actividades paralelas

En paralelo á programación musical, Sinsal SON Estrella Galicia contará cun feixe de **actividades para o público asistente**: microconcertos en acústico de agrupacións galegas de música clásica en Santo Antón, obradoiros familiares de reciclaxe con madeira e refugallos, paseos por San Simón con artistas e mariscadoras ou mesmo pedal surf, unha actividade acúatica 100% sostible que permitirá gozar do festival á vez que se percorre o perímetro da illa sobre unha táboa estable e segura.

Ademais, as e os asistentes poderán visitar na cafetería da illa dúas exposicións, nomeadas **‘A Escola Sinsal: 20 ideas para presumir de vintage’**, un percorrido pola historia do rexistro sonoro, e **‘Por que as túas fillas escoitan trap?’**, unha aproximación á historia da tecnoloxía musical e como a electricidade mudou o xeito de compondor e interpretar. Esta última exhibición, ademais, celebrará encontros arredor da música electrónica con dous artistas: Mateo Mena e Paulo Pascual.

Xa de cara ao día 25 de xullo, Sinsal SON Estrella Galicia programa en Vigo, concretamente nos **estaleiros Cardama Shipyard**, un concerto extra como peche deste vixésimo aniversario. Trátase dunha cita simbólica pola recuperación deste espazo, no que se celebraron concertos na edición Sinsal Litoral 2020, e pola posta en valor do patrimonio industrial vigues, un sector clave para a economía viguesa. Para esta cita nos estaleiros, que comezará ás 21.00 horas, as entradas están esgotadas. Sobre o **escenario Xacobeo 21-22 Cardama Shipyard**, en Vigo, actuará unha **banda de Dinamarca** que non está no cartel da illa de San Simón.

SINSAL SON ESTRELLA GALICIA

Sinsal SON Estrella Galicia celebra no 2022 o vixésimo aniversario da súa actividade musical. Desde os seus inicios, a promotora viguesa Sinsalaudio impulsou un evento cultural para **visualizar as artistas emerxentes e próximas á creación contemporánea** da escena galega e estatal, mais tamén con espazo para bandas do ámbito internacional; artistas que, máis adiante, formaron parte de carteis de grandes festivais e de salas de todo o mundo.

Sinsal 2022 conta co patrocinio principal de SON Estrella Galicia e o patrocinio institucional a Deputación de Pontevedra, Turismo Rías Baixas, Xunta de Galicia a través do programa FEST Galicia, Acción Cultural Española a través do programa PICE, o Centro Cultural Coreano e Tempí (Dinamarca). Tamén colaboran Chef Maestro, Platu, Cosferla, Gadis, Mekkedes, Manzanar Marlene, Leyma e Cafés do Noso.

AXENDA VENRES 22 | SINSAL SON ESTRELLA GALICIA 2022

- 14.45h - Saída barco de Vigo (saída de San Simón ás 22.30h)
- 16.00h - Concerto 1
- 16.15h - Saída barco de Meirande (saída de San Simón ás 21.45h)
- 17.00h - Concerto 2
- 18.10h - Concerto 3
- 19.20h - Concerto 4
- 20.30h - Concerto 5
- 21.30h - DJ Set

Actividades paralelas

- 15.30 a 22.00h - Exposicións 'A Escola Sinsal: 20 ideas para presumir de vintage'
E 'Por que as túas fillas escoitan trap?'
- 18.30h - Visita guiada exposición 'A Escola Sinsal: 20 ideas para presumir de vintage'
- 19.00, 20.00, 20.45, 21.30h - Pedal surf

Contacto de prensa Sinsal SON Estrella Galicia

Lucía Pita - 675 404 321

Luisa Castiñeira - 620 113 155

prensa@sinsalaudio.org

Sala de prensa Sinsal SON Estrella Galicia

Dossier, cartel, fotos de recurso e de cada xornada do festival | <http://festival.sins.al/gl/prensa>

festival.sins.al

ORGANIZA

SINSALAUDIO

PATROCINADOR PRINCIPAL

SON
Estrella Galicia

PATROCINADORES INSTITUCIONAIS

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

Xuriasbaixas

XUNTA
DE GALICIA

Xacobeo
21-22

FEST | FEST
GALICIA

AC/E
ACCIÓN CULTURAL
ESPANOLA

한국문화원
Centro Cultural Coreano

Tempi

COLABORAN

Chef
Maestro

PLATU
GALICIAN ARTISANAL GDS

COSFERLA
PONTI F I A L

GADIS

K1

Marbise

LEYMA
MARRA

BEA